



Confederación Inter Sindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

ACCIÓN SOCIAL 2010

Na reunión de hoxe tratamos os seguintes asuntos:

-Incidencias na presentación telemática das axudas de Acción Social:

Como xa sabedes, o pasado día 30 de xuño remataba un dos prazos para a presentación das axudas de Acción Social (en concreto remataba para as axudas de discapacidade, vivenda, tratamentos de saúde, estudo e cualificación profesional dos empregados e desenvolvemento educativo). Pois ben, nese día, non foi posible a presentación das axudas por vía telemática xa que o sistema informático quedou fóra de servizo. Desde o Departamento de Informática informáronnos que intentarán restablecelo canto antes, é posible incluso que quede arranxado este venres a última hora. Como solución para todos aqueles que non poideron presentar as axudas nese día, colgarase un aviso na Intranet para reabrir o prazo. Aínda non nos puideron confirmar se se abriría o prazo dous días máis ou toda a semana que vén, por iso é moi importante que estedes atentos á INTRANET para ver o aviso correspondente.

-Cuestións xenerais axudas:

Infórmanos a AEAT que todas as Axudas que se foron pagando no ano 2010 ata marzo inclusive corresponden a instancias presentadas no 2009, ben pola propia convocatoria en si ou porque se produciron erros no seu momento.

Desde a CIG insistimos en que se axilice o pago das axudas pois moito nos tememos que debido a erros da Administración haxa que minorar axudas ao agotarse o crédito antes de tempo (lembrede que o ano pasado devolvéronse cartos de Acción Social ao Ministerio cando aínda non se pagaran todas as axudas)

-Axudas excepcionais:

Neste tipo de axudas comentamos que se estude a posibilidade de que a documentación a presentar se faga nun sobre pechado, dirixido aos Servizos Centrais de RRHH, en lugar de presentala a través de Secretaría ou Rexistro, por razóns de confidencialidade, proposta que se vai estudar para o futuro.

Lembrede que nestas axudas contéplanse, entre outros, os gastos por ruptura familiar, falecemento de cónxuxe ou fillos, violencia de xénero, desprazamentos por falecemento de familiares de primeiro grado, adopcións....etc.

Na reunión de hoxe resólvense cerca dunhas 40 solicitudes de axudas excepcionais

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM